

## Teatro

### Os arroaces son animais sucios e desesperados<sup>1</sup>

AveLina Pérez

*Pesonaxes: María e Robot.*

*María remata de abrir unha caixa que acaba de chegar por correo. Dentro hai un robot. Le rapidamente as instrucións. Aperta un botón.*

ROBOT: Ola, o meu nome é Estanis. Moitas grazas por escollerme. Coido que non se arrepentirá. Para comezar a nosa relación é preciso que me facilite o nome co que dirixirme a vostede. Só ten que pronuncialo claramente situando os seus beizos cerca dos meus.

*María achega os beizos aos do robot.*

MARÍA: María.

ROBOT: María, que nome tan fermoso.

MARÍA: Grazas.

ROBOT: Estou preparado, María, para comezar a nosa relación, María.

*Silencio.*

MARÍA: Non sei que dicir.

*Silencio.*

ROBOT: María, estou preparado para comezar a nosa relación.

MARÍA: É un pouco violento isto...

ROBOT: A violencia, María, é unha actitude ante a vida, María.

MARÍA: Podo pedirche algo?

ROBOT: Pode pedir o que desexe, María.

MARÍA: Poderías deixar de dicir continuamente o meu nome?

ROBOT: Ningún problema, María. Para deixar de dicir continuamente o seu nome ten que levantar uns centímetros o meu brazo dereito, María; se desexa de novo escoitar o seu nome só terá que volver baixar o meu brazo dereito, María.

MARÍA: Grazas.

*María levanta un chisco o brazo dereito do robot.*

ROBOT: Interpreto que prefire non ter intimidade.

MARÍA: Non é iso... pero prefiro ir a moído... Tomamos un viño?

ROBOT: Estarei encantado de compartir un viño con vostede.

*María serve dúas copa de viño.*

MARÍA: Gustaríame tamén que deixases de tratarme de vostede. Podes atuar-me.

ROBOT: Vostede escolle o grao de intimidade. Para atuala só ten que mover lixeiramente a miña cabeza cara á dereita.

*María move a cabeza do robot lixeiramente á dereita.*

ROBOT: Isto estase a por quentiño.

MARÍA: Como?!

ROBOT: Quentiño.

*Silencio*

*María bebe de golpe o viño que lle queda; enche outra copa.*

<sup>1</sup> Texto gañador do I Torneo de dramaturxia de Galicia, organizado pola Asociación DramaturGA e a Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

ROBOT: É posible que nos apeteza outra copa de viño? É posible que nos apeteza outra copa de viño? É posible que nos...

*María dá un golpe no robot, que cala.*

MARÍA: Tes garantía?

ROBOT: Si, teño.

*Pausa breve.*

ROBOT: A pregunta pola garantía crea alerta. Estás pensando en devolverme?

MARÍA: Perdoa, non quixen ofenderte... nada... todo ben.

ROBOT: Provócame tranquilidade. Podo seguir calquera tema de conversación, estarei encantado de comezar unha conversa contigo.

*Pausa breve e incómoda para María.*

MARÍA: *Pensa.* Gústanme moito os arroaces.

ROBOT: O arroaz é un cetáceo, da familia dos delfinidos, cuxa mandíbula inferior é máis longa ca a superior. Os animais son emocionantes.

MARÍA: Emocionantes?

ROBOT: É moi emocionante coñecerte.

MARÍA: O mesmo digo.

ROBOT: Encántame coincidir nas apreciacións.

MARÍA: Si...

ROBOT: Detecto incomodidade. Hai algo que quixeras mudar ou que che provoque malestar? Estou preparado para evitar o malestar.

MARÍA: Preferiría que non me deras a razón en todo, podemos discutir, non me molesta.

ROBOT: Para provocar discusión e diverxencia só tes que poñer un dedo na miña fronte.

*María pon un dedo na fronte do robot.*

MARÍA: Quizais isto sexa forzar demasiado, non?

ROBOT: Non é forzar nada.

MARÍA: Estou cun dedo na túa fronte para poder discutir.

ROBOT: Non é un problema.

MARÍA: Vouche sacar o dedo da fronte.

ROBOT: Non mo quites.

MARÍA: Ben... a ver... Encántanme os arroaces.

ROBOT: Penso que os arroaces son animais sucios e desesperados.

MARÍA: Os arroaces animais desesperados?

ROBOT: Reafirmome.

MARÍA: Non me gusta que insultes aos arroces.

ROBOT: A desesperación non é insulto.

*Pensa.*

MARÍA: Os arroaces son animais sucios e desesperados.

ROBOT: Encántanme os arroaces.

*María saca o dedo da fronte do robot.*

ROBOT: Todos os animais producen emocións.

MARÍA: Alucinante!

*María pon o dedo na fronte do robot.*

ROBOT: Os arroaces son animais sucios e desesperados.

*María saca o dedo da fronte do robot.*

ROBOT: Encántanme os arroaces.

MARÍA: Hostia! Xa pareces un humano.

ROBOT: Teño sentimentos.

*Silencio.*

*María baixa lixeiramente o brazo dereito do robot*

ROBOT: María...

*María levanta o brazo dereito do robot.*

*Silencio.*

*María baixa o brazo dereito do robot.*

ROBOT: María...

MARÍA: Non o podo crer.

*María pon o dedo na fronte do robot. Calcula o que vai dicir.*

MARÍA: Son unha merda de persoa.

ROBOT: Non es unha merda de persoa.

*María saca o dedo da fronte do robot.*

*María baixa o brazo dereito do robot.*

ROBOT: María...

MARÍA: Hostia...

*Silencio.*

*María levanta o brazo dereito do robot.*

MARÍA: Non é tan difícil conectar...

ROBOT: Detecto a conexión. E comprácame sinceramente.

MARÍA: Gustaríame saber algo da túa vida.

ROBOT: Son de pais chineses, pediron unha subvención e nacín eu. Agora son un emigrante feliz de estar aquí. Contigo.

*María baixa o brazo do robot.*

ROBOT: María...

MARÍA: Con quen?

ROBOT: Contigo, María.

*María levanta o brazo do robot.*

MARÍA: Creo que eu tamén estou feliz agora... e que... confeso que... que me gustaría coñecer China...

ROBOT: Un día hei levarte a China.

*María baixa o brazo do robot.*

ROBOT: María...

MARÍA: Un día hei levarte de viños, Estanis

ROBOT: Será divertido. Nunca falas con ninguén cando vas de viños e emborráchaste soa. Iremos xuntos, conectados, María.

*María ponse tensa. Sube o brazo do robot de golpe.*

MARÍA: Como sabes iso?

*Silencio.*

MARÍA: Eu non che contei nada de ir soa de viños...

*Silencio.*

MARÍA: Que sabes de min?

*Silencio.*

MARÍA: No anuncio dicía que sempre mantés a conversa!

ROBOT: É posible que nos apeteza outra copa de viño?

MARÍA: Quero a información que tes sobre a miña persoa!

ROBOT: Outra opción é continuar amigablemente sen copas.

MARÍA: Dime que cousas sabes de min, Estanis, ou monto un desastre.

*María ameaza coa botella a Estanis.*

ROBOT: Detecto ameaza.

*María pon un dedo na fronte do robot.*

MARÍA: Non sabes nada de min.

ROBOT: Si que sei.

*María saca o dedo da fronte do robot.*

MARÍA: Agora vas ver!

*María baixa o brazo dereito do robot.*

ROBOT: María.

*María move a cabeza do robot levándoa ao centro*

ROBOT: Vostede.

MARÍA: Agora si! Preparada!

*María pon de novo o dedo na fronte do robot. Calcula o que vai dicir.*

MARÍA: Non tes ningún dato sobre min.

ROBOT: Teño datos sobre vostede, María.

MARÍA: Non te atreverás a dicirme nada sobre min, caguiñas.

ROBOT: Caguiñas vostede. Si que me atrevo, María.

MARÍA: Non sabes cal é a miña cor favorita.

ROBOT: Sei: o negro, María.

MARÍA: Non tes idea do meu libro preferido.

ROBOT: Teño idea: *A peste de Camus*, María.

MARÍA: Non te atreverás a dicirme que msica escoito!

ROBOT: Claro que me atrevo: vostede escoita constantemente a Mozart, María.

*María saca o dedo da fronte do robot.*

MARÍA: Deus... non sei se quero máis...

ROBOT: A dúbida hónraa, María.

*María dubida, achega o dedo á fronte do robot, afástao, achégao...*

*María pon o dedo na fronte do robot.*

MARÍA: Non sabes ningún dato íntimo de min, non terás a ousadía de dicirme datos sobre min.

ROBOT: Teño toda a ousadía do mundo, María. É vostede recentemente separada, bióloga, tese sobre os arroaces, alcoholismo incipiente, recomendación do psicólogo de non beber soa...

MARÍA: Non quero saber máis!

ROBOT: Claro que quere saber, María. Tranxilium, tranqumazin, aspirina diaria...

MARÍA: Cala!

ROBOT: Non penso calar, María! Insomnio, ataques de pánico, fobia aos arroaces...

MARÍA: Non teño fobia aos arroaces!

ROBOT: Ten toda a fobia que se pode ter aos arroaces, María.

MARÍA: Como digas unha palabra máis, esnaquízote!

ROBOT: Pois sáqueme vostede o puto dedo da fronte, María.

*Decátase do lugar do seu dedo. Retírao.*

*Silencio.*

*Mira ao robot asustada.*

*O robot fai ruidos estraños.*

ROBOT: Situación límite. Necesidade da axuda do grupo. S.O.S. Situación límite. S.O.S. Solicito axuda do grupo. S.O.S

*María busca a alguén no espazo, sen moverse.*

MARÍA: De que grupo falas Estanis?

*Silencio. Só os ruidos estraños do robot. María mira ao redor.*

MARÍA: De que grupo estás a falar? Onde están, Estanis?

*María busca ao redor.*

ROBOT: Pido intervención do grupo. S.O.S. Estrago. S.O.S.

*María busca o grupo, non ve nada, colle o contrato, le.*

MARÍA: *Lendo. Tentando comprender cada unha das palabras.* A adquisición desta aplicación implica a súa aceptación para que todo o acontecido na relación con Estanislao XPZ

poida ser retransmitido en *streaming* a un grupo aberto, así como o manexo público de todo os seus datos, adquiridos de xeito legal, e co seu consentimento, a través de diversos organismos, ben sexan estes físicos ou virtuais, institucionais ou privados, así como...

*Silencio*

MARÍA: Non pode ser... Estame a observar xente?

*María busca unha cámara. Ou algo.*

MARÍA: Non... non pode... ser...

*Busca esa suposta mirada externa.*

*Atopa o público*

MARÍA: A letra... a do contrato... é tan pequena... e os arroaces... tan... tan... tan desesperados.

*Ri nerviosa.*

*Silencio breve.*

ROBOT: É posible que nos apeteza outra copa de viño?

FIN